

Unidade 3:

A actividade económica. O sector primario

1. A actividade económica

A **actividade económica** é o conxunto de tarefas realizadas polos seres humanos para satisfacer as súas necesidades mediante a obtención, transformación e distribución de bens e servizos. Todas as sociedades, ao longo da historia, organizaron estas actividades de diferentes maneiras, dependendo do seu grao de desenvolvemento, os recursos dispoñibles e os valores culturais dominantes.

A economía está presente en todas as facetas da vida diaria: desde a compra de produtos básicos ata a elección dunha profesión ou o consumo de servizos como a educación ou a sanidade. A actividade económica é fundamental para o funcionamento das sociedades, pois permite cubrir as necesidades básicas e desenvolver proxectos colectivos e individuais.

1.1. *Compoñentes da actividade económica*

A actividade económica é o conxunto de procesos que permiten satisfacer as necesidades das persoas mediante a produción, distribución e consumo de bens e servizos. Estas tres fases están interrelacionadas e forman o ciclo económico básico, presente en todas as sociedades, tanto tradicionais como modernas.

→ **Produción:** é o *proceso polo cal se obteñen bens* (produtos materiais como alimentos, roupa ou vehículos) *e servizos* (como a educación, a sanidade ou o transporte). Para producir é necesario empregar recursos naturais (auga, terra, minerais...), traballo humano e capital (diñeiro, máquinas, tecnoloxía...).

A produción pode realizarse a pequena escala (como nunha explotación familiar) ou a gran escala (como nas empresas industriais ou multinacionais). Tamén pode estar destinada ao autoconsumo ou ao mercado.

A localización das actividades produtivas depende de factores como o relevo, o clima, o acceso a materias primas ou as infraestruturas dispoñibles.

→ **Distribución:** consiste en *facér chegar os bens e servizos producidos ata os consumidores*. Inclúe o transporte, o almacenamento, a publicidade e a venda a través de distintos canais, como tendas, supermercados, plataformas dixitais ou mercados locais.

A distribución tamén inclúe o reparto dos beneficios entre os distintos participantes do proceso produtivo: empresas, traballadores, propietarios do capital ou o Estado, mediante impostos. A eficiencia e equidade na distribución son claves para o benestar social.

→ **Consumo:** é o *uso ou adquisición de bens e servizos para satisfacer as necesidades das persoas*. Pode ser un consumo básico (alimentación, vivenda, sanidade) ou superfluo (produtos de luxo, tecnoloxía de última xeración...). O consumo é o “motor da economía”, xa que se este aumenta, a demanda crece e, en consecuencia, tamén o fai a produción.

Os hábitos de consumo varían segundo o nivel de ingresos, a cultura, a idade ou as campañas publicitarias. Na actualidade, tamén se fala dun “consumo responsable”, que busca respectar o medio ambiente, apoiar a economía local e evitar o desperdicio.



1.2. Sectores da actividade económica

As actividades económicas poden clasificarse en tres grandes sectores:

→ **Sector primario:** comprende as *actividades que obteñen directamente os recursos da natureza, como a agricultura, a gandería, a pesca, a acuicultura e a explotación forestal*. Estas actividades teñen unha relación directa co medio natural e dependen moito das condicións climáticas, do relevo, da calidade dos solos ou da proximidade aos bancos de pesca. É especialmente importante en zonas rurais ou costeiras.

→ **Sector secundario:** engloba as *actividades que transforman as materias primas en produtos elaborados ou semielaborados, como a industria, a construción e a minería*

(aínda que esta tamén podería entenderse como actividade primaria). Este sector require un maior desenvolvemento tecnolóxico, investimentos en capital físico e persoal cualificado. Ademais, adoita concentrarse en áreas urbanas ou preto de nodos de comunicación.

→ **Sector terciario:** inclúe as *actividades que ofrecen servizos, como o comercio, o transporte, o turismo, a educación ou a sanidade*. É o sector con maior peso nas economías desenvolvidas, como a española, e o que máis emprego xera actualmente. A súa expansión está ligada ao aumento do nivel de vida, ao envellecemento da poboación e ao desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC).

Os tres sectores están interrelacionados: o primario fornece materias primas ao secundario, este produce bens que abastecen ao terciario, e o terciario ofrece servizos que sustentan aos demais sectores. O peso de cada sector nun territorio axuda a entender o seu nivel de desenvolvemento.

1.3. Axentes económicos e as súas relacións

Os axentes económicos son os **encargados de levar a cabo a actividade económica**. Estes son as empresas, as familias e o Estado, que se relacionan entre sí constituíndo un **circuito económico no que intercambian traballo, bens e servizos a cambio de pagamentos**.

→ **Empresas:** son as unidades básicas da actividade económica. A súa función é producir, distribuír e vender bens aos consumidores, e teñen por obxectivo a obtención de beneficios económicos. Pódense clasificar de diversas maneiras:

- ✓ **Segundo a súa titularidade:** poden ser *públicas* (a xestión é do Estado), *privadas* (en mans de particulares) ou *mixtas* (de capital público e privado).
- ✓ **Segundo o seu tamaño:** poden ser *pequenas* (ata 50 traballadores), *medianas* (ata 250 traballadores) ou *grandes* (máis de 250 traballadores). O conxunto das pequenas e medianas empresas son coñecidas como “pemes”.
- ✓ **Segundo a súa organización social:** poder ser *sociedades anónimas* (S.A., nas que o capital divídese en accións), *sociedades limitadas* (S.L., nas que o capital é achegado por un número limitado de persoas) e *cooperativas* (xestionadas de maneira colectiva polos socios que aportan o capital).
- ✓ **Segundo a súa área de actuación,** poden ser *locais*, *nacionais* ou *multinacionais*.

No **círculo económico**, as empresas venden os bens que producen ás familias e ao Estado. A cambio reciben ingresos, cos que pagan salarios ás familias polo seu traballo e impostos ao Estado.

- **Familias**: son as unidades básicas de consumo. A nivel económico, a súa función é gastar na adquisición de bens e servizos para satisfacer as súas demandas.

No **círculo económico** “venden” o seu traballo ás empresas privadas ou públicas, e co salario recibido adquieren bens ás empresas e pagan os impostos ao Estado.

- **Estado**: é, desde un punto de vista económico, unha unidade de produción e consumo. O seu obxectivo é o benestar social, e as súas funcións son producir bens materiais e servizos públicos necesarios para a sociedade, e consumir bens e servizos das empresas privadas.

No **círculo económico**, o Estado proporciona ás empresas e ás familias bens e servizos (infraestruturas, pensións, axudas, subvencións, seguros de enfermidade e paro...), contrata traballadores públicos e cobra impostos tanto ás empresas como ás familias.



1.4. Factores de produción

As actividades económicas están **influídas por diversos factores**, como a **política económica dos gobernos**, a **globalización**, as **relacións comerciais internacionais**, a **demografía**... Sen embargo, calquera actividade de carácter económico precisa contar sempre con certos elementos (recursos naturais, traballo, capital e tecnoloxía), que se combinan de forma estratéxica para producir bens ou prestar servizos:

→ **Os recursos naturais**: son os bens que proporciona a natureza e que os seres humanos utilizan para producir outros bens e servizos (auga, solos, minerais, bosques, fauna...). Poden ser:

- ✓ ***Renovables***: aqueles que se rexeneran de forma natural, como a auga, a enerxía solar, o vento... A súa explotación debe ser responsable para evitar a sobreutilización.
- ✓ ***Non renovables***: aqueles cuxas reservas son limitadas e que se esgotan co uso, como os combustibles fósiles (carbón, petróleo, gas natural) ou certos minerais metálicos. O uso racional dos recursos naturais é esencial para garantir o desenvolvemento sostible.

Os principais problemas dos recursos naturais son a sobreexplotación, que leva ao seu esgotamento, e os conflitos internacionais (xa que a medida que escaseen os recursos, pódense xerar conflitos, como vemos co caso do petróleo).

→ **O traballo**: é o esforzo físico ou intelectual que realizan as persoas para producir bens ou prestar servizos. A cualificación, a formación e a experiencia dos traballadores inflúen directamente na súa produtividade. Ademais, as condicións laborais, como a seguridade, os dereitos sociais ou os salarios, afectan ao rendemento e á calidade de vida da poboación.

En relación co traballo, a poboación divídese en activa (os que desempeñan un traballo remunerado) e inactiva (pensionistas, estudantes, rendistas...). A taxa de actividade sería a porcentaxe de poboación activa en relación coa poboación e idade de traballar.

→ **O capital**: comprende os bens (maquinaria, ferramentas, infraestruturas...) e recursos financeiros que se utilizan no proceso produtivo. Distínguese:

- ✓ ***Capital físico***: inclúe a maquinaria, instalacións, tecnoloxía, medios de transporte...
- ✓ ***Capital financeiro***: inclúe o diñeiro e os recursos destinados ao investimento. A acumulación de capital é clave para o crecemento económico e a creación de emprego, e a dispoñibilidade de capital inflúe na produtividade e competitividade das empresas, así como na súa capacidade para innovar e adaptarse aos cambios do mercado.

→ **A tecnoloxía**: é o conxunto de técnicas e procedementos aplicados para mellorar a produción. A innovación tecnolóxica permite aumentar a produtividade, mellorar a eficiencia e reducir o impacto ambiental. O desenvolvemento tecnolóxico tamén favorece a aparición de novos sectores económicos, así como a transformación dos xa existentes.

2. O sector primario

O sector primario comprende as **actividades económicas adicadas a obter recursos directamente da natureza**, como é o caso da agricultura, a gandería, a pesca ou a explotación forestal.

2.1. Actividades agrarias

Hai que diferenciar entre o **espazo rural** (que inclúe todo o “espazo non urbano”) e o **espazo agrario** (que inclúe só o espazo no que se desenvolven as actividades agrarias, como son a agricultura, a gandería e a explotación forestal).

En canto á **poboación que se adica ás actividades agrarias**, en 2023 era o 26% da poboación mundial, aínda que existen grandes diferenzas entre países segundo o seu grao de desenvolvemento e a formación dos seus habitantes. Así, nos países cun baixo nivel de desenvolvemento, a poboación agraria adoita superar o 50%, mentres que nos máis desenvolvidos as actividades agrarias son minoritarias e non adoitan empregar a máis dun 10% da poboación.

As actividades agrarias teñen unha gran dependencia da natureza, polo que existen unha serie de importantes **factores condicionantes** de tipo natural:

- **Clima**: a existencia de maior ou menor humidade, o dunha temperatura máis alta ou máis baixa permite o desenvolvemento de plantas moi diferentes, xa que cada unha medra mellor nunhas condicións climáticas determinadas.
- **Relevo**: xeralmente o cultivo é máis doado nas chairas e nos fondos dos vales que en zonas montañosas, onde se desenvolven mellor as actividades gandeiras.
- **Solo**: as características físicas e químicas do solo determinan os cultivos. Os solos de capas profundas adoitan ser máis fértiles que os de capas máis delgadas; a textura tamén determina a maior ou menor capacidade dun solo para reter a auga necesaria para o cultivo.
- **Vexetación**: condiciona en parte a explotación forestal e a gandería.

2.2. Agricultura

A agricultura comprende o **conxunto de técnicas destinadas ao cultivo da terra para obter produtos vexetais** que poden empregarse como alimento, materia prima industrial ou forraxe

para o gando. É unha das actividades económicas máis antigas da humanidade e continúa sendo fundamental para garantir a seguridade alimentaria, o equilibrio territorial e o coidado do medio natural.

A práctica agrícola pode variar moito segundo factores naturais (clima, relevo, tipo de solo, dispoñibilidade de auga), humanos (poboación, costumes, nivel de desenvolvemento) e técnicos (mecanización, uso de fertilizantes, acceso a tecnoloxía).

Aínda que hai distintas formas de clasificar os distintos tipos de agricultura, podemos agrupalas en dous grandes tipos:

→ **Agricultura tradicional ou de subsistencia**: é o tipo de agricultura máis extendida nos **países en vías de desenvolvemento**. Ten como obxectivo principal obter alimentos para o **autoconsumo**, é dicir, para alimentar ás propias familias campesiñas. Non está orientada á venda nos mercados nacionais ou internacionais, aínda que **ás veces os excedentes poden comercializarse en mercados locais** ou intercambiarse por outros produtos básicos.

Este tipo de agricultura tamén pode atoparse, en menor medida, en zonas rurais de países desenvolvidos, onde algunhas familias manteñen hortas ou pequenas explotacións agrícolas co obxectivo de abastecerse a sí mesmas, sen depender tanto do mercado.

- ✓ Adoita practicarse en **pequenas parcelas**, en réxime de propiedade familiar ou comunitaria.
- ✓ O seu modelo produtivo baséase no **policultivo**, é dicir, o cultivo simultáneo de distintas especies vexetais (cereais, legumes, tubérculos, froitas...), o que é útil como protección fronte ás pragas e á inestabilidade climática.
- ✓ As técnicas agrícolas empregadas son **moi pouco mecanizadas**, xa que os agricultores dispoñen de escasos recursos económicos. Os traballos do campo realízanse con ferramentas sinxelas e a man de obra é basicamente familiar, o que implica un **elevado esforzo físico** e longas xornadas laborais.
- ✓ **Os rendementos agrarios son moi baixos**; a cantidade de alimentos obtida por hectárea é reducida, e depende en gran medida das condicións meteorolóxicas. A ausencia de fertilizantes, regadíos ou control de pragas limita a produtividade, e os riscos de perda de colleita por seca, inundación ou enfermidades son elevados.
- ✓ Este modelo agrícola é predominante en **amplas rexións de África** (como a África Subsahariana), en **América Central e do Sur** (Andes, Amazonia...), e no **sueste asiático** (India rural, Camboxa, Bangladesh...), onde miles de millóns de persoas dependen

directamente da terra para sobrevivir.

- ✓ Existen *varias formas de agricultura de subsistencia tradicional*, adaptadas ás condicións naturais e culturais de cada rexión:

- ✗ *Agricultura itinerante de rozas*: tamén chamada de queima e roza, consiste en talar e queimar parte da vexetación para logo aproveitar o chan fértil durante uns anos, para despois abandonar a parcela e buscar outra nova).

- ✗ *Agricultura sedentaria de secaño*: non emprega o regadío e depende da chuvia estacional, polo que só se cultivan cereais resistentes á seca.

- ✗ *Agricultura irrigada monzónica*: emprega sistemas de regadío tradicionais, como canles e terrazas, para aproveitar as abundantes chuvias monzónicas e así producir grandes cantidades de cultivos como o arroz.



→ **Agricultura moderna ou produtivista**: é unha **agricultura de mercado**, é dicir, está orientada á venda dos produtos obtidos e non ao autoconsumo. O seu principal obxectivo é **maximizar a produción e os beneficios económicos**, polo que se empregan métodos e tecnoloxías avanzadas para obter grandes volumes de colleita a baixo custo.

- ✓ *A produción está especializada*, o que significa que normalmente cultívase un único produto en cada explotación (monocultivo). Esta especialización permite reducir custos, pero tamén aumenta a dependencia dun só produto, o que pode ser arriscado en caso de pragas, enfermidades ou baixadas de prezo.
- ✓ *As labores agrícolas están mecanizadas*, polo que a maior parte das tarefas realízanse con maquinaria moderna (tractores, colleitadoras, sistemas de rego por goteo, aspersores...). Isto reduce a necesidade de man de obra, acelera o proceso produtivo e permite traballar grandes extensións de terreo cun custo menor e menor esforzo físico.
- ✓ *Empréganse técnicas agrícolas avanzadas*, de xeito que para aumentar os rendementos

pódense usar *fertilizantes químicos* (para mellorar a fertilidade do solo), *pesticidas e herbicidas* (para protexer os cultivos de pragas), *sementes melloradas xenéticamente* (coas que se consiguen altos rendementos), *sistemas de regadío eficientes* (para asegurar a produción incluso en zonas moi secas) ou *cultivos en invernadoiro ou en substratos artificiais* (como a hidroponía ou cultivos en area, que permiten controlar as condicións ambientais e producir durante todo o ano).

- ✓ **Require grandes investimentos**, xa que maquinaria, produtos químicos, tecnoloxía e infraestrutura teñen un custo elevado. Con todo, estes investimentos **compénsanse pola alta produtividade**, xa que se consegue producir moita máis cantidade de alimentos nun menor tempo e a menor prezo, o que permite competir no mercado.
- ✓ Localízase principalmente nos países con economías desenvolvidas e alta capacidade de investimento, como os **países da Unión Europea** (España, Francia, Alemaña...), **América do Norte** (Estados Unidos, Canadá) e tamén en países como Arxentina, Brasil, ou Australia. Son rexións con boas infraestruturas, mercados potentes e políticas públicas de apoio ao sector agrícola.
- ✓ Dentro da agricultura produtivista podemos **hai diferentes tipos**:
 - ✗ **Agricultura extensiva**: ocupa grandes extensións de terreo (por exemplo, nos cultivos de cereais en Canadá ou de soia en Arxentina). Require menos man de obra por hectárea, pero tamén se obtén menor rendemento por unidade de superficie.
 - ✗ **Agricultura intensiva**: busca o máximo rendemento nun espazo reducido (como as hortas de Almería ou os invernadoiros dos Países Baixos). Emprega tecnoloxía avanzada, moita man de obra e importantes investimentos para obter alta produción.



Para comprender o sector primario hai que ter en conta a **paisaxe agraria**, que aparece como unha combinación de elementos naturais e humanos no medio rural, e que é diferente en función do lugar. Por exemplo, en Galicia predomina unha paisaxe de minifundio, con parcelas pequenas e pechadas, e cun hábitat rural disperso (é dicir, con casas illadas ou pequenos núcleos poboacionais). Este modelo supón retos como o abandono do campo, a falta de rendibilidade e a dificultade para a modernización.

Neste sector teñen tamén unha gran influencia as políticas públicas, especialmente a **política agraria**. No caso español destaca a Política Agraria Común (PAC) da Unión Europea, que regula as axudas, os prezos e as prácticas sostíbles. No caso concreto de Galicia, recíbense fondos para a modernización das explotacións ou promover a **agricultura ecolóxica** (de feito, este modelo alternativo, que prescinde de produtos químicos e promove a conservación do medio e a saúde, está indo en aumento nos últimos anos).

En canto aos seus **desafíos actuais**, a agricultura enfróntanse a importantes retos como o cambio climático, o relevo xeracional, a perda de solos fértiles, a forte competencia nos mercados internacionais e a necesidade de avanzar cara a sostibilidade. Estes problemas pódense ver no caso de España en xeral e de Galicia en particular, onde a todo isto hai que sumar o envellecemento da poboación rural e o abandono de terras de cultivo.

2.3. Gandería

A gandería é a actividade económica que **consiste na cría, coidado e aproveitamento de animais domesticados co obxectivo de obter produtos** como carne, leite, ovos, la, coiro ou esterco. A súa importancia non só reside na produción alimentaria, senón tamén na economía rural, o equilibrio ecolóxico e o mantemento do territorio.

O desenvolvemento da gandería depende de factores naturais (clima, pastos, relevo), económicos (investimento, demanda), técnicos (sistemas de alimentación, selección xenética, mecanización) e sociais (hábitos de consumo, políticas agrarias). Aínda que pode clasificarse de diferentes formas, hai dous grandes tipos de gandería:

→ **Gandería tradicional**: traballadas con métodos tradicionais, consiste na obtención de produtos animais para o ***autoconsumo***. Ten as seguintes características principais:

- ✓ Adoita ser un ***complemento da agricultura***, porque os animais serven para raballar no campo e os seus excrementos aproveítanse como fertilizantes naturais.
 - ✓ Os campesiños teñen ***pequenos rabaños*** que lle proporcionan produtos básicos como carne, leite, la...
 - ✓ O gando aliméntase cos restos das colleitas ou ***pasta libremente*** nas parcelas non cultivadas ou nas montañas próximas.
 - ✓ Require o ***baixos investimentos*** de capital, pero isto provoca que ***os rendementos sexan tamén baixos***.
 - ✓ Localízase na ***maioría dos países africanos e en parte de América central e do sur, así como do sueste asiático***. Tamén se pode dar en países desenvolvidos para o autoconsumo familiar (como sucede habitualmente no medio rural galego).
- **Gandería produtivista**: é de tipo ***comercial***, polo que o seu principal obxectivo é vender a produción no mercado para obter os máximos beneficios posibles. Permite abastecer ao mercado constantemente, aínda que xera máis residuos contaminantes e xera un forte impacto ambiental. Pódese dividir en dous grandes tipos:
- ✓ ***Gandería extensiva***: os animais críanse ao aire libre, aproveitando os pastos naturais e movéndose por grandes espazos.
 - ✗ Precisa ***pouca man de obra***, porque os rabaños pastan libremente, pero necesita unha ***gran inversión de capital***, para así poder mercar moitas cabezas de gando e ter boas estruturas comerciais. Aínda así, é menos produtiva que a gandería intensiva.
 - ✗ ***Favorece o benestar animal e contribúe á prevención dos incendios forestais***, xa que mantén limpas as zonas de matogueira.
 - ✗ Practícase en zonas que contan con ***grandes extensións de terreo para pastos***, polo que é típica de rexións como o oeste dos Estados Unidos, a Pampa e a Patagonia arxentinas (sobre todo para gando bovino), boa parte de Australia ou zonas de Sudáfrica (sobre todo para o gando ovino).
 - ✓ ***Gandería intensiva***: os animais críanse en explotacións modernas e pechadas, nas que todo o proceso produtivo está exhaustivamente controlado.
 - ✗ Require un ***gran investimento de capital*** para poder concentrar os animais en ***explotacións*** cada vez máis grandes e dotadas de medios técnicos, persoal moi especializado, coidados veterinarios, selección de razas, alimentación con pensos

específicos e métodos como a estabulación.

- ✗ *A súa produtividade é moi elevada*, tanto na produción de carne como na de leite e produtos derivados.
- ✗ As especies máis significativas desta modalidade gandeira son *os bovinos e os animais de granxa (porcos, aves...)*.
- ✗ Localízase sobre todo en *Europa occidental, Estados Unidos, Canadá ou Nova Zelandia*.



Tamén hai diferenzas en dependendo da **especie animal criada**:

- ✓ ***Bovina (vacas)***: emprégase para obter carne e leite. A gandería leiteira moderna está moi mecanizada, con salas de muxido, control veterinario e selección xenética. En canto á produción cárnica de vacún, destacan algunhas razas cun selo de calidade, como a rubia galega ou a wagyu xaponesa.
- ✓ ***Ovina e caprina (ovellas e cabras)***: máis habitual en zonas de montaña, utilízase para carne, leite e la, ás veces en grandes explotacións, e outras noutras máis pequenas e familiares.
- ✓ ***Porcina (porcos)***: moi estendida, dentro dela ten unha gran relevancia a industria transformadora (embutidos, xamóns...). Este sector é especialmente relevante en países como España, e Galicia en particular é un importante centro produtor.
- ✓ ***Avícola (aves)***: consiste na crianzas de galiñas, pavos ou polos para obter carne e ovos, con produción intensiva en granxas especializadas. É un sector moi tecnificado e con gran volume de produción.
- ✓ ***Apícola (abellas)***: habitual en zonas montañosas ou forestais, adícase á produción de mel, xelea real, cera e outros produtos derivados.


Na gandería tamén inflúen as **políticas públicas**, como a citada Política Agraria Común (PAC) da Unión Europea, que regula as axudas, os prezos e as prácticas sostibles. Estase a promover a **gandería ecolóxica** (un modelo alternativo de gandería respectuosa co medio ambiente e co benestar animal, que emprega métodos semi-extensivos, non alimenta ao gando con pensos, non utiliza estabulación permanente e limita moito a medicación e o emprego de produtos químicos).

2.4. Explotación forestal

A explotación forestal ou silvicultura é o conxunto de **actividades que comprenden o coidado, cultivo e explotación económica dos bosques e montes**.

Dos bosques obtéñense multitude de produtos, entre os que podemos destacar a **madeira** (que se emprega como fonte de enerxía, na construción de vivendas, na fabricación de mobles e ferramentas...), a **celulosa** (para a fabricación de papel e tecidos de fibras naturais), a **cortiza** (para fabricar tapóns e taboleiros illantes), a **resina** (para fabricar vernices, pinturas e outros produtos químicos), o **caucho** (para a fabricación de pneumáticos) e os **alimentos** (castañas, cogomelos, trufas, piñóns...).

Asimesmo, os bosques cumpren unha importante **función ambiental**, xa que consumen o CO² da atmosfera, colaborando así a reducir o aumento das temperaturas a nivel global. Neste sentido cabe sinalar que desde mediados do século XX, a Terra perdeu case un terzo da súa superficie forestal, debido sobre todo á tala indiscriminada en grandes superficies boscosas (por exemplo, a Amazonia), os incendios forestais e a chuvia ácida.



2.5. Pesca

A pesca é a actividade económica que **consiste na captura de especies acuáticas (como peixes, moluscos ou crustáceos) con fins alimentarios, industriais ou comerciais**. Podemos clasificar a pesca principalmente en dúas categorías:

→ Pesca de baixura ou artesanal:

- ✓ É de pequena escala, *próxima a costa*, que emprega *embarcacións pequenas* e *escasa man de obra*.
- ✓ Aparellos selectivos e *métodos tradicionais* (nasas, palangres, redes...), polo que ten menor impacto ambiental e favorece a *sostibilidade dos recursos*.
- ✓ A *producción é reducida* e destínase ao *mercado local*.
- ✓ As *saídas adoitan ser diarias* e o tipo de *capturas, bastante variadas*.

→ Pesca de baixura ou artesanal:

- ✓ Realízase *en augas afastadas* (no caso galego, no Atlántico norte, Gran Sol ou a costa africana) con *grandes barcos-factoría*, con conxeladores e salas de despece.
- ✓ Emprega *tecnoloxías avanzadas* como o sonar, radares avanzados, GPS... Isto, xunto co uso de redes de arrastre, xera *grandes volumes de produción*, o que pode levar á sobrepesca e os *danos ecolóxicos*.
- ✓ A produción destínase á comercialización nos *mercados nacionais e internacionais*.



Os **principais problemas da pesca** son a sobreexplotación (debido a unha pesca excesiva), a contaminación mariña (polos vertidos de produtos químicos ou os plásticos, que poñene en risco a moitas especies) ou os conflitos internacionais polo acceso aos caladoiros.

Tamén existe o **marisqueo**, actividade consistente na captura de moluscos e crustáceos. O

marisqueo pode realizarse a pé (na costa rochosa, como no caso dos percebes, ou na areosa, como sucede con berberechos ou vieiras) ou en pequenas embarcacións en zonas de pouca profundidade. Para capturar crustáceos (centolas, nécoras...) é típica a utilización de nasas,

Pola súa banda, a **acuicultura** é o cultivo de organismos que viven en medios acuáticos, como peixes, moluscos, crustáceos ou algas. Podemos distinguir entre bateas, granxas de peixes e moluscos e piscifactorías.

2.6. O sector primario en España

España posúe unha gran diversidade natural e climática que favorece distintas formas de aproveitamento do medio. Isto fai que o sector primario sexa moi variado en prácticas e produtos:

Na **agricultura** diferéncianse dúas grandes zonas, a **de secano** (predominante no interior, como en Castela e León ou Castela-A Mancha, e con cultivos como cereais, vide ou oliveira) e a **de regadío** (máis produtiva, nas zonas mediterráneas e no val do Guadalquivir, con cultivos hortícolas, cítricos e produtos de exportación).

A **gandería** practícase tanto de xeito **extensivo** (en zonas montañosas) como **intensivo** (en zonas máis industriais). En canto ás especies predominantes, destacan o vacún (sobre todo en Galicia e a cornixa cantábrica), o porcino (especialmente en Cataluña ou Aragón), o ovino ou o caprino (en zonas máis secas e de montaña).

En canto á **pescas**, España ten unha das maiores frotas da Unión Europea. Sen embargo, debido aos desafíos xerados pola sobreexplotación dos caladoiros, as cotas impostas pola UE e a competencia global, poténciase a **acuicultura**, especialmente en Galicia, Andalucía ou Murcia.

Pola súa banda, a **explotación forestal** é importante sobre todo no norte do país (Galicia, Asturias...), onde se produce madeira (piñeiro, eucalipto...), resina e cortiza.

O sector primario en España combina tradición e innovación, pero precisa modernizarse para afrontar retos como o despoboamento do medio rural ou a sustentabilidade ambiental.

No caso concreto de **Galicia**, o sector primario segue a ter un peso moi relevante no rural e nas zonas costeiras, malia a perda de importancia relativa deste sector na economía.

Na **agricultura**, con pouco peso polo minifundismo e o relevo, destacan comarcas como o Baixo Miño (polos cultivos hortícolas ou as flores), a Limia (polas patacas e os cereais) ou o

Ribeiro e outras zonas vinícolas (polo viño con denominación de orixe). Tamén está medrando a agricultura ecolóxica.

O sector máis destacado é a **gandería**, xa que Galicia lidera a produción de leite dentro de España, e tamén produce carne de vacún, porcino ou aves, cun papel relevante das cooperativas.

En canto á **pesca**, a frota galega é a máis importante de España, e destaca tamén no **marisqueo** e na **acuicultura** (hai que salientar o mexillón en bateas). Isto relaciónase tamén cos portos e a industria conserveira, claves na economía das zonas costeiras.

Tamén destaca Galicia na **explotación forestal**, sendo a rexión con maior produción do país. A madeira de piñeiro e eucalipto alimenta ás industrias do moble e a celulosa, aínda que a extensión do eucalipto xera bastante controversia polas súas implicacións ecolóxicas.

En xeral, pódese dicir que o sector primario galego está apostando pola innovación, a calidade, a diversificación e as denominacións de orixe como estratexias principais, intentando así afrontar problemas como o envellecemento e o abandono do espazo rural.

